

Nota Informativa - Emprego da Plataforma GaIA: Fase II

TRANSICIÓN SIRGa – GaIA



Durante o período de convivencia, que durará ata o 30/09/2015, poderán realizarse notificacións previas e traslados en ambas as plataformas. **Non se transmitirán datos de traslados de SIRGa a GaIA nin viceversa:** as NT que se creen en SIRGa unicamente permitirán facer traslados en SIRGa; mentres que para realizar un traslado a través de GaIA, previamente deberá crear unha NT na plataforma GaIA.

Recomendámoslle que organice os traslados na súa empresa de xeito que **comece canto antes a crear as NT en GaIA** e fixe unha data concreta a partir da cal só realizará traslados en GaIA.

CUMPRIMENTO DE PRAZOS: NT 10 DÍAS



É importante lembrar que a lexislación actual marca un **prazo mínimo de 10 días de antelación para comunicar unha notificación previa**, con respecto á data do traslado. GaIA non permite crear, nin subir a través de arquivos xml, nin comunicar a través de Web Services, notificacións previas con menos de 10 días de antelación.

Deben planificar os seus traslados coa suficiente antelación para cumprir con este prazo de 10 días de antelación.

DOCUMENTACIÓN DOS TRASLADOS



A plataforma GaIA está adaptada ó estándar e3L, e polo tanto os documentos de traslado internamente terán o mesmo formato estandarizado (DCS129999...) independentemente do tipo de recollida (un ou varios produtores, un ou varios residuos...).

Vostede poderá descargar o **modelo de recollida múltiple en pdf** dende a plataforma para facer este as recollidas a varios produtores ou varios residuos sempre e cando a data, o transportista e o destino sexa o mesmo.

NT E TRASLADOS ENTRE CCAA



A través da plataforma GaIA xa é posible facer notificacións previas e traslados entre comunidades autónomas, sen empregar o xerador de pdf como se facía ata agora en SIRGa. A plataforma encargárase de face os envíos correspondentes ás outras CCAA para cumprir coas comunicacións establecidas na normativa en vigor.

Para crealos deben empregarse as mesmas opcións que se empregan para realizar un traslado dentro de Galicia: crear a NT, e despois o traslado a partir desa NT.

OLLO!! A opción no módulo de traslados de crear traslado intercomunidade non se empregará para os traslados entre CCAA. Trátase dunha función que só poderá empregarse para traslados Asturias – Galicia, por ser Asturias a única comunidade non adaptada ó estándar e3L.

MÓDULO DE MESTRES: DATOS DE MATERIAIS



O apartado de mestres, ademais de permitir rexistrar residuos e contactos permite cargar outra información relativa a materiais de entrada ou saída do centro de traballo: produtos, servizos e subprodutos.

Non existe a obriga de cargar os datos relativos a estes materiais. Esta información será útil cando se implanten novas funcionalidades en GaIA eResiduos como a elaboración da memoria anual (no caso dos xestores) ou a xeración do estudo de minimización (no caso dos produtores).

Mentres tanto, para poder realizar traslados a través da plataforma GaIA, unicamente é preciso cargar no módulo de Mestres datos de Residuos e Contactos.

RESIDUOS DE BUQUES



Para as recollidas de residuos a buques, debe constar como produtor o NIF do titular da instalación consignatario, e como centro de traballo o Porto no cal se realiza a recollida dos residuos. Deben polo tanto asignar os residuos dos buques ó NIMA do consignatario nese porto.

RESIDUOS DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN



As empresas do sector da construción, que xeran residuos en distintos puntos de Galicia debido ás obras nas que traballan, deberán asignar os seus residuos a un centro ficticio, con sede na capital de provincia na que estean a traballar nun momento dado. É dicir, estas empresas terán asociados como máximo 4 centros de traballo, un por provincia, para vincular os residuos producidos nas diferentes obras.

XESTORES DE PLANTAS MÓBILES



No caso de plantas móbiles debe escoller como centro de traballo tanto de orixe como de destino dos residuos aquel que se corresponde coa sede social da entidade autorizada, xa que é o lugar ao que se atopa ligado a súa autorización.

PESOS NETOS E BRUTOS NOS DOCUMENTOS DE TRASLADO



Á hora de realizar un traslado debe cubrir a seguinte información relativa ao peso do residuo a trasladar:

Peso neto: kg de residuo.

Peso bruto: kg de residuo + kg do envase.

A efectos de cómputo de datos para o arquivo cronolóxico e a posterior elaboración da memoria resumo dos xestores o peso a ter en conta será sempre o peso neto; no caso de que descoñeza un deles recoméndase poñer en ambos os datos a mesma cantidade.

TRANSPORTISTAS DE FÓRA DE GALICIA



Se realiza vostede unha notificación previa seleccionando como transportista unha entidade autorizada con sede social fóra de Galicia deberá seleccionar a mensaxe que lle indicará “Inscrito fora de Galicia, actuando como TRANSPORTISTA”.

TRASLADOS DE RESIDUOS NON PERIGOSOS



Como novidade a Plataforma GaIA eResiduos permítelle ao xestor que utilice esta para crear os números dos seus TNP. O sistema creará un número de TNP válido, co formato: **TNP1299999999992015XXXXXX**, que o formato establecido no estándar e3I

BATERÍAS PROCEDENTES DE PARTICULARES



Para rexistrar, en algún caso puntual que pode darse nas instalacións dun xestor, a recepción dunha batería procedente dun particular, o procedemento a seguir polo xestor será o seguinte:

- Rexistrar o contacto no módulo de mestres da Plataforma GaIA. Desta forma obterá un NIMA para identificar ese contacto.
- Enviar un correo electrónico a incidencias-gaia@xunta.es solicitando que se rexistre o traslado, comunicando os datos de: NIMA, data do traslado e quilos recollidos.
- Unha vez rexistrado o traslado, o xestor deberá acceder á plataforma, e validar e asinar ese documento de traslado, para que conste no arquivo cronolóxico.

No caso de tratarse de clientes que reiteradamente entregan baterías na súa instalación, debe crear unha notificación previa para recoller esas baterías.

NEGOCIANTES DE RESIDUOS



Se a súa entidade traballa coa inscrición de negociante de residuos, para documentar correctamente un traslado de residuos **deberá vostede rexistrar sempre dous traslados**: un traslado desde o produtor ata a súa entidade actuando como negociante e outro traslado dende a súa entidade actuando como negociante ata a instalación de tratamento (súa ou de outro xestor externo). O segundo traslado, de negociante a xestor, pode ser un acumulado por LER e transporte realizado no mesmo día. Nos documentos á inscrición que deberá figurar para a súa entidade deberá ser a súa inscrición como negociante de residuos.

No caso de residuos perigosos, deberá realizar igualmente dúas notificacións previas para preavisar correctamente o traslado do residuo.

Nembargante se vostede é negociante e ademais conta cunha autorización para almacenar ou tratar residuos, cando recolle residuos a un cliente para xestionalos na súa **instalación de tratamento** o correcto sería que vostede traballase coa autorización de xestor correspondente (XV/XA/XE) e fose este número de inscrición o indicado no contrato de tratamento remitido ao seu cliente, na notificación previa e no documento de traslado.

INFORMACIÓN DO TIPO DE TRATAMENTO NOS PREAVISOS E TRASLADOS



A Plataforma GaIA incluíra para os xestores de residuos unha funcionalidade para elaborar de forma automática a memoria resumo anual a partir dos datos dos traslados de residuos rexistrados por cada entidade.

Na memoria debe figurar correctamente o tipo de tratamento ao que se somete o residuo polo xestor de aí a importancia de que nas notificacións previas e nos documentos de traslado realizados se **escolla correctamente a autorización da orixe e do destino**. Nos casos no que aparecen varias autorizacións ten que escoller a correcta conforme ao indicado no **contrato de tratamento** emitido entre orixe e destino.

O non escoller correctamente esta autorización, ademais de impedir facer correctamente a memoria, pode implicar un rexeite do documento do traslado por parte do xestor e a necesidade de iniciar de novo os trámites do traslado. Isto implica ter que actualizar a información contida na notificación previa nunha nova e ter que facer, como consecuencia, un novo documento de control e seguimento.